



## ENCONTRO DA ÁREA FIARE

## E ASEMBLEA EXTRAORDINARIA DE BANCA ETICA (BpE)

27, 28 e 29 de novembro de 2015

*Lugar: AUDITORIO DE BARAÑAIN. C/ Comunidad de Navarra, 2, 31010 Barañain (Navarra).*

**VENRES, 27 de novembro**

**17:00 - 20:00 FORO PÚBLICO**

**Que política de crédito necesitamos – desde as finanzas éticas – para transformar a economía**

Espazo dirixido a toda a base social de Fiare Banca Etica, así como a outros axentes sociais e á cidadanía en xeral. [Un espazo, no momento relevante no que nos atopamos a un ano da apertura da oficina, para pensar sobre o papel de Banca Etica no impulso da nova economía que queremos construír].

*Contidos:*

- *Presentación de FiareLab: un proceso de debate e identificación de necesidades de crédito e respostas de Fiare Banca Etica.*
- *Táboa redonda entre persoas representantes de diferentes ámbitos sociais e económicos.*
- *Estado do debate no conxunto de BpE.*
- *Diálogo co público.*

**20:30h Cea**

## SÁBADO, 28 de novembro

**09:00 - 10:30 Inscripción para a Asemblea**

**10:30 - 15:00 ASEMBLEA  
EXTRAORDINARIA DE BpE**

*Orden do día*

- *Comunicación do Presidente.*
- *Deliberación sobre modificación dos Estatutos.*
- *Modificación do Regulamento Asembleario.*
- *Varios.*

A Asemblea (por primeira vez na historia de BpE) desenvolverase de forma simultánea en dous lugares: Padova e Barañain. No caso de Barañain está invitada toda a base social da Área Fiare de BpE, aínda que poderán exercer o voto aquelas persoas (físicas e xurídicas) que teñan completado o proceso de conversión do capital social antes do 31 de xullo de 2015. [As asembleas son espazos importantísimos para o conxunto de BpE. Nesta ocasión, ademais, delibérase e elíxese o seu novo regulamento electoral, para adecuar a estrutura de gobernanza aos retos institucionais e de participación de BpE].

**15:00 - 16:30h Receso - Xantar**

**16:30 -19:30 ATOPARNOS E COMPARTIR PARA  
AVANZAR  
(Unha presentación e catro talleres simultáneos)**

**Opción 1:** *Presentación: “ETICA SGR, o aforro e a inversión no Grupo de BpE”.*

**Opción 2:** *Taller: “Circuitos de financiamento con impacto social: experiencias e propostas”.*

**Opción 3:** *Taller: “Fiare Banca Etica e a súa relación coas administracións públicas locais”.*

**Opción 4:** *Taller: “A educación financeira en Fiare Banca Etica”.*

**Opción 5:** *Taller: “Participación dos socios e das socias en Fiare Banca Etica”.*

Espazo dirixido a todas as persoas que forman parte de Fiare Banca Etica. De forma simultánea celebrarase unha presentación (para ampliar o coñecemento da realidade de BpE) e catro talleres nos que se traballarán temáticas concretas de interese, contando para isto con experiencias concretas, tanto da nosa Área Fiare como das outras catro áreas de BpE . [Un espazo único para compartir e mesturarnos, para coñecer experiencias próximas e afastadas, para aportar ideas para o noso traballo futuro].

**19:30 - 20:00 Receso**

**20:00 - 20:30 Despedida e representación teatral**

## DOMINGO, 29 de novembro

**10:00 - 13:00 VISITA CULTURAL A PAMPLONA  
GUIADA POLO GIT DE NAVARRA**

Para todas as persoas de Fiare Banca Etica que o desexen. [Unha oportunidade para seguir compartindo e tecendo rede, neste caso de forma lúdica e coñecendo Pamplona da man do GIT anfitrión do encontro].

**10:00 - 13:00 ENCONTRO DO FÓRUM DE ÁREA COS/  
COAS COORDINADORES/AS DE TODOS OS GIT**

Atoparémonos as persoas coordinadoras dos, actualmente, 20 GIT xunto co Fórum da Área Fiare

(Conselleiro, Responsable de Operativa, Responsable da Área Socio-Cultural e Referentes de Zona). [Un espazo de traballo no que compartir un diagnóstico común sobre o momento importante no que nos atopamos e poder marcar pautas de traballo común en todas as circunscricións].

**10:00 - 13:00 PRESENTACIÓN DA NOVA  
PLATAFORMA BLOGUES DOS GIT.**

Dirixido ás persoas responsables de comunicación nos GIT.